

ESTREA EN NUMAX: 28.07.2017 | V.O.S.E. | +12

Sieranevada (2016, 173')

Dirección: Cristi Puiu

Guión: Cristi Puiu

Elenco: Mimi Branescu, Bogdan Dumitrache, Catalina Moga, Dana Dogaru, Petra Kurtela, Sorin Medeleni, Tatiana Iekel, Marian Ralea

Son: Jean-Paul Bernard, Filip Muresan, Christophe Vingtrinier

Montaxe: Ciprian Cimpoi, Letitia Ștefănescu, Iulia Muresan

Fotografía: Barbu Balasoiu

Dirección de arte: Cristina Barbu

Vestuario: Maria Pitea, Doina Raducut

Produtoras: Mandragora, Studioul de Creatie Cinematografica

al Ministerului Culturii (Romanía), Production 2006 (Bosnia-Herzegovina), Sister and Brother Mitevski (Macedonia), Spiritus Movens (Croacia), Alcatraz Films, ARTE France Cinéma (Francia)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Romanés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (Sección Oficial), Donostia 2016 (Perlas), Seleccionada por Romanía aos Oscar 2017 á mellor película estranxeira, Chicago 2016 (mellor filme e dirección), Auteur Film Festival 2016 (mellor director), Premio Gopo do Cinema Romanés 2016 (mellor edición), Minsk 2016 (mellor fotografía)

FILMOGRAFÍA

Trois exercices d'interprétation, 2013

Aurora, un asesino muy común, 2010

La muerte del Sr. Lazarescu, 2005

Cigarettes and Coffee, 2004

[curtametraxe]

Bienes y dinero, 2001

Tres días despois do atentado contra Charlie Hebdo e corenta días despois da morte de seu pai, Lary —40 anos, médico— vai pasar o sábado coa súa familia, reunida en memoria do defunto. O evento, porén, non se desenvolve como estaba previsto. Obrigado a afrontar os seus medos e o seu pasado e forzado a reconsiderar o lugar que ocupa dentro da familia, Lary terá que dicir a súa verdade.

«Obra mestra. A medida que avanza vaise desdobrando en mil filmes que habitan no seu interior»

Luis Martínez, EL MUNDO



“A Historia é a ficción máis presente nas nosas vidas”

Entrevista a Cristi Puiu

Que o impulsou a rodar *Sieranevada*?

En agosto de 2012, durante o Festival de Sarajevo, estaba na miña casa. Chamoume Mirsad Puritrava, o director do festival, e preguntoume se tiña un guión. Contestei que non, pero que ía escribir un. Transcorrería nun só ambiente con numerosos personaxes.

E o contexto da homenaxe? Meu pai faleceu en 2007. Eu era membro do xurado da sección *Unha certa mirada* do Festival de Cannes. Regresei de socato a casa e a primeira homenaxe que tivo lugar xusto despois do enterro foi do máis estraña. Había xente á que nunca vira, amigos seus cos que ía tomar unha copa, veciños. Lembro que discutín de mala maneira cunha compañeira da miña nai por culpa do comunismo.

As lembranzas, a memoria dos feitos, forman o núcleo da historia. Unha memoria que a sociedade constitúe e impón, como se ve no filme... No momento en que empezamos a ser conscientes de nós propios, arredor dos dez anos, xa estamos educados, formateados pola historia do país en que vivimos. Vemos as cousas dunha forma moi etiquetada, o que nos leva á inercia. Estamos dispostos a aceptar a verdade que se nos presenta. Pechamos os ollos antes

os posibles erros. É o prezo que pagamos para ser membros dunha comunidade, para sermos aceptados.

Ese discurso mesmo chega a evocar grandes acontecementos históricos, como fai un personaxe co 11 de setembro. Pertúrballe todo o que se conta deste acontecemento. E non se trabuca, no sentido de que non hai que aceptar nada porque si. Mais cando constrúe un razoamento con elementos tirados da teoría da conspiración que encontrou en internet, trabúcase. Se falamos en xeral, só coñecemos unha parcela da realidade da Historia. Non hai respostas definitivas. Se nos paramos a pensar, a Historia é a ficción máis presente nas nosas vidas, a Historia tal como nola contan no colexio. Dígoos con coñecemento de causa porque aprendín unha Historia durante o comunismo. O Muro de Berlín caeu cando eu tiña 23 anos e con el desapareceu unha Historia, e axiña apareceu outra versión dos feitos, cousas que descoñecía. Asombroume descubri-lo.

Por que escolleu rodar con cámara ao ombreiro? O cinema permite, de xeito tácito, que o lugar do espectador sexa o que ocupa a cámara. É moi interesante porque o espectador cre que el mesmo ve a historia. Métese na pel do observador. Parécese moi divertido. A cámara, polo tanto, convértese nalgún invisible ou, neste filme, no morto! Na tradición ortodoxa a alma do morto segue a vagar durante corenta días, móvese. Pregunteime como contar a historia vista polo morto e a solución era colocar a cámara no lugar do morto, do home invisible. Quixen contala a través da mirada do morto.

Que significa a mirada do morto? A ollada dun home que tivo o privilexio de se despedir en silencio dos que deixa atrás e, polo tanto, de observalos. Como se miran as cousas sabendo que non volveremos? Que miraremos e que non miraremos? A miña idea era espertar sentimentos como a emoción, a curiosidade e tamén unha especie de confusión por parte da cámara. Supoño que pasa algo así.

Como interpretar o título, *Sieranevada*? É unha reflexión doada: Por que se mudan os títulos dos filmes en cada país? Sácame de quicio. Desde un principio pensei en escoller un título que funcione en calquera idioma. Logo decidín escoller un que non poida cambiarse. O interesante de *Sieranevada* é que, normalmente, son dúas palabras, aínda que en romanés sexa unha soa, tal e como se pronuncia. Daquela decidín alteralo quitando un erre para me dixeran que non se escribe así. Xa, e como se escribe en xaponés? E en xeorxiano?

O título evoca certo misterio, aventura... Debía falar dun lugar, dun espazo. É a única idea racional que mantiven mentres buscaba un título. *Sieranevada* soa a western, evoca a neve, o español, a música desa lingua. Soa ben. Evoca as montañas nevadas que remiten aos edificios comunistas, cadeas de bloques de pedra clara. Para o cartaz romanés fotografei eses bloques, ese mundo alveolar con fiestras, símbolos da falta de confianza da comunidade romanesa.

Publicado en www.golem.es/distribucion/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Aurora, Cristi Puiu. Media [DVD]

12:08 Al este de Bucarest, Corneliu Porumboiu. Divisa [DVD]

El tesoro, Corneliu Porumboiu. Avalon [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX